



VISITA A IBIZA _ AGRUPACIÓNS ESCOLARES

Do 24 ao 27 de setembro 4 mestres/as do CEIP Monseivane visitamos o CEIP "Can Cantó" de Ibiza. Esta visita estaba programada dentro das actividades do proxecto de Agrupacións Escolares no que estamos participando desde xaneiro de 2009. O outro centro asociado, CEIP Sant Joan de Lleida, tamén se desprazou nesas datas. O tema do proxecto é: "As tradicións populares a través das TIC". Podes ver o blog do proxecto no seguinte enderezo:

<http://agrupaciones09.blogspot.com>. Unha das actividades máis ilusionantes que temos programadas é que os nenos/as do 3º ciclo de educación primaria do noso colexio visiten eses centros no último trimestre do curso 2009/2010.

GRIPE A _ PROTOCOLOS

Na nosa páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane> podes ver os enlaces aos protocolos de actuación ante a **gripe A** para as familias, persoal de limpeza, transporte así como o do propio centro. Esperamos e desexamos que todos os centros educativos os teñamos que levar a cabo moi poucas veces ou, mellor aínda, nunca.



Plans de autoavaliación e mellora

PLANS DE AUTOAVALIACIÓN E MELLORA

Temos concedida, para o curso 2009/2010, a renovación do plan de autoavaliación e mellora do sistema educativo. O tema que estamos traballando é " Desenvolvemento de competencias usando as

TIC". Entre as actividades que temos programadas destacamos: aprender a traballar con blogs (cada grupo/clase terá o seu propio blog), coñecer un pouquiño máis como traballar coa pizarra interactiva, jclíc,...

CREACIÓN DE BLOGS

Como comentabamos na anterior novidade, imos ter un blog para cada grupo/clase. Así, cada clase poderá subir aqueles debuxos, traballos, fotografías, vídeos que se fagan durante este curso 2009/2010



Equipos de normalización

EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN

Varios traballos que fixemos ao longo do curso 2008/2009 foron seleccionados para subilos a nova páxina web dos equipos de normalización lingüística.

Podes velos nos seguintes enlaces:

http://www.xunta.es/linguagalega/que_e_para_ti_o_galego
http://www.xunta.es/linguagalega/sobremesas_de_entroido
http://www.xunta.es/linguagalega/a_charca_do_alligal



CHAINSTORIES

Estamos participando no proxecto Chainstories. É un proxecto de contos en cadea para favorecer a aprendizaxe de idiomas. O proxecto consiste no seguinte: 5 centros de cinco países, normalmente de lingua romance, acordan facer un libro. O libro ten 5 capítulos. Cada centro fai un capítulo. Os nosos alumnos/as crearán parte da historia, descodificarán e comprenderán as ideas principais das partes anteriores que se recibiron da cadea. A continuación, pasan a súa historia ao seguinte centro ata completarse o libro. Queres participar?. Se o desexas podes rexistrarte no seguinte enderezo: <http://www.chainstories.eu>
E se facemos un libro entre centros da nosa comunidade autónoma?. Se queres participar, mándanos un correo a: ceip.monseivane@edu.xunta.es Seguro que faremos un bo libro

PÁXINAS WEB

Cal é a mellor páxina web de recursos educativos que atópache? Que páxinas recomendarías para atopar recursos para motivar aos nenos/as para a aprendizaxe do idioma estranxeiro? E para matemáticas?. Queremos que nos digas esas páxinas e nós crearemos un espazo na nosa páxina web para que se poida acceder a todas esas páxinas de forma rápida e sinxela. É importantísima a túa colaboración!



Podes atopar máis información na nosa páxina web:
<http://centros.edu.xunta.es/ceipmonseivane>

Enderezo electrónico:
ceip.monseivane@edu.xunta.es

Teléfono / Fax
982 511 4004